



| Guía Docente          |   |                    |                      |          |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                      | 2019/20  |
| Asignatura (*)        | Proxectos 8   | Código             | 630G01036            |          |
| Titulación            | Grao en Arquitectura  |                    |                      |          |
| Descritores           |   |                    |                      |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                 | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Cuarto             | Obrigatoria          | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |                      |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                      |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                      |          |
| Departamento          | Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición  |                    |                      |          |
| Coordinación          | Meijide Tomas, Jorge Vicente  | Correo electrónico | jorge.meijide@udc.es |          |
| Profesorado           | Meijide Tomas, Jorge Vicente  | Correo electrónico | jorge.meijide@udc.es |          |
| Web                   | www.udc.es  |                    |                      |          |
| Descrición xeral      | <p>Las intenciones básicas que sustenta el desarrollo de la asignatura son:</p> <p>-La elaboración de proxectos de complexidade media-alta, nos que se satisfagan adecuadamente as exigencias compositivas, espaciais, técnicas e funcionais inherentes ao diseño arquitectónico e urbanístico. -A integración dentro do proceso compositivo y de proxectación arquitectónica -ademáis de afondar no coñecemento de un mesmo, nos desexos e necesidades, na realidade e as formas de vida, na súa repercusión formal e social, no xénero, nas relacións humanas e o simbólico, no pasado e o futuro, no &amp;quot;genius loci&amp;quot;- da aprendizaxe das asignaturas de perfil tecnolóxico e urbanístico, cunha metodoloxía que permita a aplicación práctica dos contidos teóricos de todas elas nun proxecto de complexidade media-alta.</p> |                    |                      |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | PROXECTO BÁSICO ARQUITECTÓNICO E URBANO: aptitude ou capacidade para aplicar os principios básicos formais, funcionais e técnicos á concepción e deseño de edificios e de conxuntos urbanos, definindo as súas características xerais e as prestacións que se acadan.   |
| A2                                  | PROXECTOS DE EXECUCIÓN: aptitude ou capacidade para elaborar proxectos integrais de execución de edificios e espazos urbanos en grao de definición suficiente para a súa completa posta en obra e equipamento de servizos e instalacións.   |
| A7                                  | SUPRESIÓN DE BARREIRAS: aptitude ou capacidade para deseñar e executar edificios e espazos urbanos aptos para as persoas con diferentes capacidades físicas ou para adaptar con este fin os xa existentes.  |
| A10                                 | REPRESENTACIÓN ESPACIAL: aptitude ou capacidade para aplicar, tanto manual como informaticamente, os sistemas de representación gráfica, dominando os procedementos de proxección e corte, os aspectos cuantitativos e selectivos da escala e a relación entre o plano e a profundidade.                                    |
| A25                                 | PROXECTO DE SEGURIDADE EN INMOBLES: aptitude ou capacidade para concibir, deseñar, calcular, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar solucións de seguridade, de evacuación de persoas e de protección contra incendios, tanto activas como pasivas, así como para asesorar tecnicamente sobre estes aspectos. |
| A34                                 | FUNCIÓNS PRÁCTICAS E SIMBÓLICAS: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo dos procesos de simbolización da ergonómia e das relacións entre o comportamento humano, o entorno natural ou artificial e os obxectos, de acordo cos requirimentos e a escala humanos.   |
| A35                                 | SOCIOLOXÍA RESIDENCIAL: comprensión ou coñecemento dos métodos de estudo das necesidades e demandas sociais, dos compoñentes da calidade de vida, das condicións de habitabilidade e dos programas básicos de vivenda.  |
| A36                                 | SOCIOLOXÍA CULTURAL: comprensión ou coñecemento das implicacións que nas funcións e responsabilidades sociais do arquitecto ten as necesidades, valores, normas de conduta e de organización e patróns espaciais e simbólicos determinados pola pertenza a unha cultura.  |
| A37                                 | ANÁLISE DE FORMAS: comprensión ou coñecemento das leis da percepción visual e da proporción, as teorías da forma e da imaxe, as teorías estéticas da cor e os procedementos de estudo fenomenolóxico e analítico das formas arquitectónicas e urbanas.  |
| A38                                 | SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: comprensión ou coñecemento dos sistemas de representación espacial e a súa relación cos procedementos de ideación gráfica e de expresión visual das distintas fases do deseño arquitectónico e urbanístico.   |



|     |  |
|-----|--|
| A47 | ECOLOXÍA E SOSTENIBILIDADE: comprensión ou coñecemento da responsabilidade do arquitecto respecto aos principios básicos de ecoloxía, de sustentabilidade e de conservación dos recursos e do medio ambiente na edificación, o urbanismo e a paisaxe.  |
| B1  | Aprender a aprender.   |
| B2  | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B3  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B4  | Traballar de forma autónoma con iniciativa.  |
| B5  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B8  | Visión espacial.   |
| B9  | Creatividade.  |
| B10 | Sensibilidade estética.  |
| B11 | Capacidade de análise e síntese.   |
| B12 | Toma de decisións.   |
| B13 | Imaxinación.   |
| B14 | Habilidade gráfica xeral.  |
| B15 | Capacidade de organización e planificación.  |
| B18 | Razoamento crítico.  |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais.  |
| B23 | Capacidade de xestión da información.  |
| B24 | Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.   |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |     |    |
|--|-------------------------------------|-----|----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |     |    |
| <p>Ao superar este materia, o alumno deberá estar en condicións de: -Elaborar proxectos de complexidade media-alta, nos que se satisfagan adecuadamente as exigencias compositivas, espaciais, técnicas e funcionais inherentes ao deseño arquitectónico e urbanístico. -Integrar dentro do proceso compositivo y de proxectación arquitectónica a aprendizaxe das asignaturas de perfil tecnolóxico e urbanístico, cunha metodoloxía que permita a aplicación práctica dos contidos teóricos de todas elas nun proxecto de complexidade media-alta. -Utilizar o contido do bloque docente A vivienda II. Equipamentos. Normativa. O barrio e o espacio urbano, resolvendo proxectos de equipamentos e vivendas que permitan unha visión global das circunstancias que conforman as relacións complexas que se dan nun LUGAR. O paso seguinte ao cuatrimestre anterior, intesificando a complexidade, obriga a utilizar experiencias e coñecementos adquiridos noutras disciplinas, así como na vida diaria de alumnas e alumnos. Tamén, aparecen outros elementos de coñecemento como o traballo de campo e entrevistas cos veciños que impulsan propostas de investigación adaptándose ás necesidades dos seus habitantes. O traballo do taller está situado en espazos urbanos de transición ou vilas. Se proxectan diferentes equipamentos e vivendas que dan resposta aos distintos tipos de cidadáns. Os proxectos desenvólvense a nivel de proxecto básico e de execución, dende as ideas iniciais ata a elaboración máis detallada, incluíndo a definición dos seus materiais e a súa construción e a incorporación, deseño e dimensionado de elementos estruturais. Trabállase coas normas sobre a habitabilidade, eliminación de barreiras, os criterios de evacuación, código técnico, normativa urbanística...</p> | A1                                  | B1  | C1 |
|  | A2                                  | B2  | C4 |
|  | A7                                  | B3  | C5 |
|  | A10                                 | B4  | C6 |
|  | A25                                 | B5  | C7 |
|  | A34                                 | B8  | C8 |
|  | A35                                 | B9  |    |
|  | A36                                 | B10 |    |
|  | A37                                 | B11 |    |
|  | A38                                 | B12 |    |
|  | A47                                 | B13 |    |
|  |                                     | B14 |    |
|  |                                     | B15 |    |
|  |                                     | B18 |    |
|  | B20                                 |     |    |
|  | B23                                 |     |    |
|  | B24                                 |     |    |

|                 |
|-----------------|
| <b>Contidos</b> |
|-----------------|



| Temas                     | Subtemas  |
|---------------------------|---|
| A VIVENDA II              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipoloxías de vivenda: unifamiliares, colectivas libres, colectivas de protección oficial, outros tipos</li> <li>- Vivenda e economía</li> <li>- Criterios de accesibilidade</li> <li>- Flexibilidade espacial</li> <li>- Areas privadas e compartidas</li> <li>- Espazos de xogo infantil</li> <li>- Areas de tránsito exteriores e interiores</li> <li>- Espazos de almacenamento</li> <li>- Areas de traballo</li> <li>- As necesidades da vida diaria</li> <li>- Vivenda e trama urbana</li> </ul> |
| EDIFICIOS DE EQUIPAMENTOS | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipoloxías dotacionais</li> <li>- Espazos sociais e comunitarios</li> <li>- Tratamento integral de áreas</li> </ul>  |
| NORMATIVA II              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Normativa local, estatal e autonómica</li> <li>- Normativa urbanística</li> <li>- Normativa de supresión de barreiras</li> <li>- Normativa de promoción pública e protección oficial</li> <li>- O Código Técnico da Edificación.</li> </ul>  |
| EXERCICIOS                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vivenda colectiva e adaptación o seu uso por parte de diferentes grupos sociais e tipos de convivencia.</li> <li>- Equipamento dotacional urbano</li> </ul>  |

| Planificación                 |   |   |                         |              |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A1 A7 A34 A35 A36<br>A37 A38 A47 B1 B2<br>B3 B4 B5 B8 B9 B10<br>B11 B12 B13 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 0                                       | 11                      | 11           |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A2 A7 A10 A34<br>A35 A36 A47 B1 B2<br>B3 B4 B5 B8 B9 B10<br>B11 B12 B13 B14<br>B15 B18 B20 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8  | 4                                       | 10                      | 14           |
| Discusión dirixida            | A1 A2 A7 A25 A34<br>A35 A36 A47 B1 B2<br>B3 B4 B5 B10 B11<br>B12 B15 B18 B20<br>B23 B24 C1 C4 C5<br>C6 C7 C8            | 5                                       | 0                       | 5            |



|                        |   |    |    |    |
|------------------------|---|----|----|----|
| Esquemas               | A1 A7 A10 A34 A35<br>A36 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8                   | 0  | 7  | 7  |
| Obradoiro              | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 15 | 21 | 36 |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 14 | 21 | 35 |
| Proba obxectiva        | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 1  | 0  | 1  |
| Portafolios do alumno  | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 0  | 20 | 20 |
| Sesión maxistral       | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | 15 | 0  | 15 |
| Actividades iniciais   | A1 A10 A34 A35 A36<br>A37 A38 A47 B1 B2<br>B3 B4 B5 B8 B9 B10<br>B11 B12 B13 B14<br>B15 B18 B20 B23<br>B24 C1 C4 C5 C6 C7<br>C8           | 2  | 0  | 2  |
| Atención personalizada |   | 4  | 0  | 4  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Análise de fontes documentais | Antes de iniciar o desenvolvemento material dos traballos no TALLER, procederase á análise das fontes documentais relacionadas co tema proposto mediante a utilización de documentos audiovisuais, bibliográficos, reportaxes documentais, paneis gráficos, fotografías, maquetas, artigos, textos informativos, normativa de aplicación, etc. Os grupos (profesor - alumnos) analizan a documentación dispoñible e ampliana, elaborando unha síntese das distintas fontes documentais. Complementábase esta análise con intervencións de profesionais da arquitectura e doutros campos, que serán invitados a efectuar charlas e coloquios con desenvolvemento de temas concretos e experiencias persoais. |
| Aprendizaxe colaborativa      | A clase organízase en pequenos grupos de traballo, onde os alumnos traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas polo profesor. Organízase ao grupo para obter a máxima información posible e compartila (análise do parcelario, busca de exemplos, de normativas, construción da maqueta xeral do emprazamento, toma de datos ou medicións in situ, tratamento infográfico da documentación obtida, etc.). Este traballo está guiado de forma presencial polo profesor asignado. Trátase de optimizar a aprendizaxe individual e o do grupo.  |
| Discusión dirixida            | Tanto o traballo de grupo coma o individual expóñense de xeito público para incitar os membros do grupo a intervir no proceso creativo propio e alleo, de forma libre, informal e espontánea.   |
| Esquemas                      | Os datos obtidos nas análises, así como as intencións do proxecto, exprésanse de forma gráfica simplificada nas primeiras fases de cada traballo. Son as fases de información previa e anteprojecto. Iníciase a síntese.  |
| Obradoiro                     | Os proxectos desenvólvense mediante a combinación de diversas metodoloxías e probas: asistencia a exposicións, conferencias, análise de problemas concretos do programa. O alumno realiza tarefas eminentemente prácticas en cada un dos exercicios do curso, sempre co apoio e baixo a supervisión do profesorado.   |
| Traballos tutelados           | Preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Refírese á aprendizaxe de &quot;como facer as cousas&quot;, é o estudante o que asume a responsabilidade da súa formación.   |
| Proba obxectiva               | Farase unha proba obxectiva sobre os contidos presentados nas sesións expositivas, que configuran o marco teórico e normativo da asignatura. Pódese pedir tamén un exercicio práctico.  |
| Portafolios do alumno         | Como resultado do seu traballo ao final do cuadrimestre, o alumno terá elaborado o seu portafolios da materia, accesible a través da plataforma docente Moodle. Este obxecto final, desenvolvido a través das sesións en grupos e no taller, servirá de base á cualificación e curriculum persoal do alumno.  |
| Sesión maxistral              | Periodicamente realízanse conferencias ou exposicións, relacionadas co tema a tratar en cada exercicio. Onde o relator expón de forma oral e/ou gráfica a información aos alumnos.<br>Nestas sesións apórtase parte do contido teórico da asignatura, que formarán parte da proba obxectiva.  |
| Actividades iniciais          | Nas primeiras clases do curso fórmulanse ao alumno tests e probas gráficas que permitan coñecer o nivel previo co que parte o alumno. As devanditas probas realizaranse na aula. Proporase tamén un exercicio de aproximación ó traballo do cuadrimestre.   |

| Atención personalizada  |   |
|---|---|
| Metodoloxías  | Descrición  |
| Portafolios do alumno<br>Obradoiro<br>Traballos tutelados<br>Discusión dirixida | O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver na materia e no Taller, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.<br><br>O portafolio do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                       |   |  |    |
|-----------------------|---|--|----|
| Portafolios do alumno | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, físico e dixital, dispoñible físicamente en papel e accesible a través da ferramenta informática para a docencia Moodle.<br><br>Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final. | 80 |
| Proba obxectiva       | A1 A2 A7 A10 A25<br>A34 A35 A36 A37<br>A38 A47 B1 B2 B3 B4<br>B5 B8 B9 B10 B11<br>B12 B13 B14 B15<br>B18 B20 B23 B24 C1<br>C4 C5 C6 C7 C8 | Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva, teóricos e prácticos, do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva.  | 20 |

### Observacións avaliación

Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes requisitos: 1º Entregar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados nas materias implicadas no Taller. 2º Asistir regularmente as clases e ao Taller. Esixirase unha asistencia mínima do 80% 3º Facer a proba obxectiva. Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias: 1º Non cumpla a asistencia esixida ás clases e ao Taller. 2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requerida en tódalas asignaturas que compoñen o Taller. 3º Non asista á proba obxectiva.

De acordo co establecido na memoria do Título de Grao de Arquitecto, convocarase unha Xunta de Avaliación do taller, que analizará os resultados globales do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre as situacións especiais de avaliación do alumnado.

Cando non se supere a asignatura na primeira oportunidade, se permitirá completar e modificar os traballos presentados no taller, sempre que se teña cumprida a asistencia mínima, todos os traballos entregados de tódalas asignaturas implicadas no taller e a proba obxectiva da primeira oportunidade feita. Para superar a asignatura, neste caso, é obrigatoria a realización da proba obxectiva da segunda oportunidade.

Os alumnos que non superen en ningunha das dúas oportunidades a materia de Proxectos 8 deberán cursar o taller o ano seguinte. Neste caso, os alumnos, ademais de Proxectos 8, desenrolarán os traballos das materias que non houberan superado no taller do ano anterior.

Aqueles alumnos que, superada a materia de Proxectos 8, non superaran algunha das outras materias do taller, terán que presentar, en consecutivas convocatorias, de novo e coas correccións oportunas, os traballos propostos no taller no que participaron.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Lonzi, Marta (1982). L'architetto fuori di sé. E. Roma, Rivolta Femminile
  - Alexander, Ch (1978). Urbanismo y participación. E. Gustavo Gili
  - Neufert, E (1991). Arte de proyectar en arquitectura. E. Gustavo Gili
  - Rowe, Collin (1981). Ciudad Collage. E. Gustavo Gili
  - Bloomer, K.C. y Moore, Ch (1982). Cuerpo, memoria y arquitectura. E. Blume
  - Benevolo, L (1977). El diseño de la ciudad (5 tomos). E. Gustavo Gili
  - Argan, G. C (1984). Historia del arte como historia de la ciudad. E. Laia
  - Boeri, Cini (1991). La dimensioni Umana dell'abitazione. E. Franco Angeli
  - Espiegel, Carmen (2007). Heroínas del espacio. E. Biblioteca Nueva
  - Pallasmaa, Juhani (2010). La arquitectura de la humildad. Fundación Caja de Arquitectos
- Código Técnico de la Edificación



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Urkia, Sebastián (2003). <i>Energía Renovable Práctica</i>. E. Pamiela</li><li>- Foucault, Michel (2013). <i>Obras esenciales</i>. E. Paidós</li><li>- Benjamin, Walter (1988). <i>Dirección única</i>. E. Alfaguara</li><li>- Rodríguez, Carlos (1978). <i>Manual de autoconstrucción</i>. E. Concepto S.A. México</li><li>- Arendt, Hanna (2013). <i>Existencialismo y compromiso</i>. RDA libros</li></ul> Diversos ensayos sobre las componentes específicas del proyecto |
|------------------------------------|---|

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Instalacións 1/630G01030

Proxectos 7/630G01031

Construción 5/630G01033

Estruturas 4/630G01034

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Construción 6/630G01037

Estruturas 5/630G01038

Instalacións 2/630G01039

### Materias que continúan o temario

Proxectos 9/630G01041

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías